

UNHA GRIPE CABALUDA



1.^a edición, 1.^a impresión, 2024

©Bieito Iglesias, 2024

Aira, 2024

©Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz

contacto@airaeditorial.gal

Entra en airaeditorial.gal e coñece todas
as vantaxes de subscribirte ao CLUB AIRA

Deseño e ilustración da tapa: Miguel Robledo

Impresión: La Imprenta CG

ISBN: 978-84-127695-2-4

Depósito Legal: OU 10-2024

Reservados todos os dereitos.
Esta obra está protexida pola lei.

UNHA GRIPE CABALUDA

BIEITO IGLESIAS

Á miña Muller, que era todo o meu mundo
antes da pandemia e que será unha Terra Nova
da que baixen as augas.
En canto e non, ímola virando na Arca
e festexamos o corvo sedicioso.

E ao Rubem Fonseca, *in memoriam*.

«Deixeime enxugar polo aire do crime. E a primavera tróuxome a repulsiva risada do idiota».

Arthur Rimbaud
Unha tempada no inferno

I

Veiu o andazo e houbonos matar. O goberno despregou soldados provistos dunha máquina de salferir que se aplicaron na desinfección de hospitais e outros sitios públicos, pero non se trataba do mildeu ou da peste branca das vides, é un andazo que arreolla os vellos e, por último, ordenaron encortellar a xente.

A min apañoume facendo a mudanza, despois de romper coa Marita tiven que carretar os mobles de IKEA que compráramos ao xuntármonos, desde o meu departamento na avenida de Marín ata un piso das Caldas, onde agora convive —é un falar porque se levan moi mal— cunha irmá. O idilio deixoume as paredes do departamento coloridas a capricho da miña ex e unha estrañeza que me empurra a botar a porta fóra.

A casa cáeme enriba cando antes de vivir coa Marita permanecía encovado o máis do tempo libre, como un raposo paleiro. Os raposos entocados acaban por encherse de pulgas e por derramar a pelica como se tivesen a sarna, prá pel é mellor andar fóra e que che dea o aire. A miña coira me-

llorou moito coa nova solteiría e cunha vida de pándigo á solta polos bares e campos de festa.

O traballo non me mataba ata que chegou esta peste centelluda e me puxeron a tanguer os paseantes que andan sobros polas rúas. Os máis diles son ben guiados, péchanse e deixan a vila baleira.

Andaba de rolda co meu colega Sobral polo casco vello e non se vía vivalma.

—De película! —admirouse o meu compañeiro.

—De película de ciencia *afición* —concordei—, como diría meu pai.

—Por certo que non che preguntei como está.

—Tenche bo perigo! A nosa casa está arrodeada por un eido de media hectárea, alí monda os tarreos, ergueu unha miga dun invernadeiro e, de por parte, enreda co can e coas galiñas. Co almacenado no conxelador podería pasar un inverno nuclear. A única vía de contaxio pra que o entre o bicho sería a visita do panadeiro, pero leveille bolsas de galletas mariñeiras como pra atravesar o Atlántico nas naus de Colón.

—Mariñeiras?

—Galletas que fan servizo de pan, as que levaban, disque, nos barcos de vela. O pai pode dar a volta ao mundo como Elcano sen ter que verse coa mascarita do panadeiro.

Ao pasarmos pola Alameda notamos que os pombos nos miraban mal desde as pólas dos arboricos, era de temer que nos atacasen co peteiro

como naquela película de terror. Faltan desde hai días os nenos que lles botan gusanitos e tamén faltan as faragullas que caen das mesas das esplanadas. Pasan fame e os seus cerebros diminutos intúen algunha desquencia.

Coa mesma, o Sobral recibiu unha telefonada e trazou de ir polo coche camuflado que estacionáramos en Doutor Fleming. Había que chegarse a un chilote pola parte de Rairo ou Ceboliño coa misión de apoiarnos a Unidad Militar de Emergencias.

Acudímoslles e, cando paramos onda un pendello cunha cerra metálica de aramio, deume por comparar o tamaño cerebral dos pombos cos dalgús humanos. Na beiravía estaba unha camioneta militar coas portas abertas e co himno español aboucando desde o aparello da música. Dous soldados en uniforme de camuflaxe, entre verde e caqui, tomaran aquela posición sen dificultade. O inimigo viña sendo un home xa idoso, arrebollado no chao de recobo —tirado sobre os cúbados— e co xoello dun soldadiño lampo cincado no lombo pra que non se erguese. O outro milico levaba a guerreira desabotoada e víase que era home de pelo en peito, gastaba unha barbicha redonda e ben negra e falounos con sotaque forasteiro. Coa banda sonora que tronaba na camioneta caro me custou entender que nos ordenaba deter o tipo zapateado boca a terra.

—Este prenda violó la alerta —non acenou cara ao acusado, senón que me plantificou diante dos

nefres un carné de identidade con foto patibularia e a seguinte información onomástica: Valentín Miramontes Millán—: Se merece una multa gorda porque nos atacó y nos insultó.

O soldadiño que suxeitaba ao Valentín afrouxou a presión do xoello e entón o home levantouse a medias e, aínda achombado polo peso do seu captor, proferiu unhas palabras que por sorte só entenderon a medias os extraterrestres.

—Me cago na corona!, estame ben por pedirilles auxilio a istes forrabicas.

O Valentín explicouse co bico enrugado pola ira pero, ao recibir un couce nos bacíos por parte do soldado que o tiña inmovilizado, púxose fucíñudo de veras, con cara de cobra bufadora.

—Calma, tío —quixo mediar o Sobral con ton conciliador.

—¿No has oído que se cagó en el rey? —rifou o barbichas e ameazou con outra patada.

—No, hombre, no —tercei—, se ha cagado en el coronavirus.

Non sabía certamente se o malfalado se ciscara na coroa dun castro. Eu faleille ben, mansiño e como un individuo ben ensinado, pero aos militares non lles chistaba o meu humorismo e un diles chuspiu no chapapote do camiño viciñal e o outro agarrou os troles desafiante.

Mentres tanto o Sobral, cunha coraxe que me admirou precisamente porque sei que é un medrán,

ripoulle o Valentín das gadoupas, soergueuno, sacudiulle o po e someteulle as faldras da camisa.

—Explíquese —convidei.

—Pasaron por eiquí istes calzafouces e pedinlles que castigasen aquil mamado —acanou cara a unha casopa a tantiños metros cun señor debruzado na bufarra— porque me envenenou os parrulos.

Virouse cara ao seu pendello, traspasou a cancela da cerra metálica camiñando enguruñado, doéndose dos couces que lle deran, e, ao pé dunha pía con auga, apañou polas patas dous patos mortos.

—Leven unha fecha desta auga e verán como lles botou algunha pezoña.

Nesta altura, xa oiramos no tocadiscos da carriña militar o *Himno, Y viva España, Échale guindas al pavo* na voz de Rosa Morena e a Marta Sánchez arremedando *Lili Marlene*, acabárase a cinta e os uniformados perderon a paciencia e a gana de leria.

—Este señor non vive aquí, vino desde outra aldea desobedecendo el estado de alerta. Tómele sus datos y proponga una sanción de seiscientos euros —cominou o peludo.

—A pensión dun mes, mala centella te coma. O que iste panarra non quere entender é que viñen acomodar os animais e encontréinos mortos —dixo contra min.

Case non lle deu tempo a rematar o *pliego de descargo* porque o soldado barbote foise a il, traspasou a cancela e zoscoulle un lapote.

—Tú no me llamas murciélago a mí —bruou amagando unha segunda losquiada.

—Nos hacemos cargo nosotros —propuxo temesiñamente o Sobral.

—No sé si es tonto o si tiene un tiro dado, pero a éste me lo llevo...

—Ei!, quietiño aí —interrompín—. Non me veñas plantar salgueiros eiquí na miña horta. Imos pornos agora a discutir se panarra quer dicir morcego ou parvo, pero que somos? Académicos? Seica me fodes ou queres?

—En Sevilla se le dice panarra al murciélago y no me hables en gallego que me caliento —púxose farruco, pero debeume notar que nin lle teño medo á gripe nin a un chimpafigos fan de Marta Sánchez. Deu media volta, acenoulle ao compañeiro e, todos tesos, entraron na camioneta sen despedirse. Pisou o gas a fondo porque as rodas da carriña esvarataron no chapapote daquela canella esburatada.

Camiñei cincuenta pasos tropezando nos fochancos endeica a casa da bufarra aberta e do olláparo que causara todo aquil embrullo.

—Identifíquese —ordenei, e o tipo, un pelado de cabeza grande, desconforme en comparanza co corpo, estendeu a mao esquerda cun carné caducado en canto coa direita saudaba ao estilo militar.

Non sabía se era un tontarrón ou ben un simpático que facía a burla, pero apunteime a esta segunda hipótese e iniciéi un diálogo chusco:

—Eso non se fai, Casiano —vira o nome no DNI ollando de esguello—. Darlles raticida aos patíños pra que morran cun cólico, cómpre ser moi ruín pra non compadecerse dos animalciños.

—Empezou il, envenenoume un can precioso e aínda vén provocar. Que se lle perde eiquí? Que se vaia prá súa poubea ou o día menos pensado vaise encontrar coas faragullas.

—Ise non era can, era o urco! —chiou o Valentín desde a outra beira do camiño viciñal—. Unha besta adovecida que escarnou por baixo do aramio e matoume catorce galiñas. Os cas adovecidos toda a vida se sacrificaron...

—Adoveciche tu —vociferou o Casiano—. Era pouco pecharte nun cortello e darche de comer unha restra de cebolas, como se facía cos enfermos de rabia.

Foi como se me desen cun marro no carrelo, levantóuseme unha dor de cabeza que case me varre o sentido.

—Non terá unha aspirina? —interroguei o Casiano.

—Teño, ho, as que se queiran.

Deixou a ventá e deseguida volveu cunha lata de marmelo coa tapa erguida, ofrecéndome moitas caixas de paracetamol.

—Fixen provisión cando empezou o andazo por un siescaso —esclareceu e de novo abandonou a bufarra por un instante. Regresou cunha botella

mediada de viño tinto—. Se quere doulle un vaso de auga, pero eu tomo iste remedio con viño e casa de marabilla, como tapa con calexa.

Enviei dous comprimidos e chimpei un bo grollo de viño que sabía acedo de raio. Tamén lle coñecín unha graduación alcoólica moi alta pró que se estila nestas partes.

—Mestureille uvas de Zamora e baixa ben, pero cómpre bebelo agusto porque axiña te empipas.

Metinlle outro bo chincharrazo, xa de perdidos ao río, e afeille a cisma de envenenador.

—Cando sexa así, cando lle estorben os bichos dos viciños, fágase cunha escopeta e déixese de pezoñas. Outro tanto do mesmo lle digo —sinalei co furabolos o Valentín—. Cunhos tantos coma vostedes o dono da fábrica de Ratibón, «nin rata nin rato», achínase de millós. Pero homiños de Deus, non teñen por aí unha Sarasqueta vella, non digo xa unha Beretta, acaso non están cheos de cazadores istes lugares?

Foi o mexericas do Valentín quen respondeu:

—Somos cazadores os dous, il caza o pombo á espera e eu vou algo ao coello, pero non imos empezar a tiros, sería a lei do Oeste.

Zuguei o viño restante endeica as borras e invadiume a euforia. Paseille o brazo polo ombro ao Sobral e arrastreino cara ao coche facendo eses e entoando unha absurda melopea.

*Yo bajé al fondo del mare
y perdí las alpargatas
popó, popó, popó
Y entre sollozos decía
sáquenme de aquí que afogo.
En el cementerio entré
dando berros coma un tolo
popó, popó, popó
díxome o sepultureiro
vaime sachar as baloucas.*

Eu non pensaba que estaba cheo, nin sequera afumado, nunca tan despexado e lúcido me vin:

—Valentín, quiridiño —sentenciei antes de entrar no auto—, aprende esta lección que che dou porque non hei vivir sempre: A lei, pra fodela, hai que obedecela.